

Polo exposto, consonte o previsto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día seis de novembro de dous mil oito,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

Apróbase o cambio de titularidade a favor do Concello de Vimianzo dun treito da antiga estrada C-552 (A Coruña-Fisterra) cos seguintes puntos quilométricos de referencia na estrada AC-552 A Coruña (A Grela)-Cee (AC-550): p.k. de referencia inicial na estrada AC-552: 65+470 e p.k. de referencia final na estrada AC-552: 65+790.

**Artigo 2º**

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a estrada incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Vimianzo.

**Artigo 3º**

A entrega da vía formalízase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

**Artigo 4º**

Correspóndelle ao Concello de Vimianzo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

*Disposición derradeira*

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, seis de novembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras  
Públicas e Transportes

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA**

*Resolución do 5 de novembro de 2008 pola que se concede o VI Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación (Diario Oficial de Galicia número 84, do 2 de maio).*

Por orde da Consellería de Innovación e Industria do 28 de abril de 2008 foi convocado o VI Premio de

Xornalismo Científico Galicia Innovación (DOG nº 84, do 2 de maio).

O 23 de outubro de 2008 o xurado procedeu á elección dos traballos gañadores, e tendo en conta a proposta efectuada, esta consellería

**RESOLVE:**

Primeiro.-Concederlle o primeiro Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación 2008 a Pilar Mera Rico.

Segundo.-Concederlle o segundo Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación 2008 ao equipo composto por: Manuel Vicente García, Marta Vila Taboada e César Martínez Pérez.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e os interesados poderán potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2008.

P.D. (Orde 31-1-2006)  
Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería de Innovación  
e Industria

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.*

En cumprimento do disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, na súa redacción dada polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, así como no artigo 2 do Decreto 194/2008, do 28 de agosto, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2009 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 173, do 8 de setembro de 2008), e segundo o procedemento establecido e en virtude das resolucións ditadas para o efecto, as delegacións provinciais da Consellería de Traballo elaboraron o calendario laboral provincial en que se determinan as festas laborais de carácter local correspondentes aos concellos da respectiva provincia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).

De conformidade co establecido no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 2 do Decreto 194/2008, do 28 de agosto, e ante a conveniencia de que se coñezan as festividades de ámbito local desta comunidade autónoma sen ter que consultar diferentes boletíns oficiais, é preciso que se lles dea publicidade nun único diario oficial.

En virtude do anterior, a Dirección Xeral de Relacións Laborais acorda o seguinte:

Primeiro.-Darlles publicidade ás festas de carácter local, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables, para o ano 2009, que serán para os concellos pertencentes ás provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, as que figuran, respectivamente, nos anexos I, II, III e IV.

Segundo.-Lembrar que, en virtude do establecido no artigo 34.6º do Estatuto dos traballadores, as empresas deberán ter exposto o calendario laboral nun lugar visible de cada centro de traballo, para coñecemento e consulta dos traballadores. O incumprimento do anterior constitúe infracción en materia laboral tipificada no artigo 6 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez  
Directora xeral de Relacións Laborais

*ANEXO I*  
**Calendario laboral 2009**  
**Provincia: A Coruña**

1. Abegondo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 25 de abril, San Marcos.
2. Ames: 21 de maio, Ascensión; 24 de xuño, San Xoán.
3. Aranga: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.
4. Ares: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 2 de xuño, Voto de Chanteiro.
5. Arteixo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de xullo, Santiago Apóstolo.
6. Arzúa: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xullo, Virxe do Carme.
7. Baña, A: 22 de xaneiro, San Vicente; 8 de setembro, Virxe do Bo Suceso.
8. Bergondo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Festas.
9. Betanzos: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 18 de agosto, San Roque.
10. Boimorto: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de maio, San Cidre.
11. Boiro: 16 de xullo, Virxe do Carme; 31 de agosto, San Ramón de Bealo.

12. Boqueixón: 22 de xaneiro, San Vicente; 21 de maio, Ascensión.
13. Brión: 21 de maio, Ascensión; 24 de xuño, San Xoán.
14. Cabana de Bergantiños: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 1 de agosto, San Fins do Castro.
15. Cabanas: 11 de novembro, San Martiño; 30 de novembro, Santo André.
16. Camariñas: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xullo, Virxe do Carme.
17. Cambre: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Festas.
18. Capela, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de agosto, Nosa Sra. das Neves.
19. Carballo: 24 de xuño, San Xoán Bautista; 25 de xuño, San Xoán Bautista.
20. Cariño: 16 de xullo, Virxe do Carme; 24 de agosto, San Bartolomé.
21. Carnota: 20 de marzo, Festas; 13 de outubro, Cristo do Pindo.
22. Carral: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Festas.
23. Cedeira: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Santo André de Teixido.
24. Cee: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xuño, Santo Adrán.
25. Cerceda: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
26. Cerdido: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de xullo, Festas.
27. Cesuras: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
28. Coirós: 7 de xaneiro, San Xulián; 24 de febreiro, Martes de Entroido.
29. Corcubión: 29 de xuño, Festas; 24 de setembro, Festas.
30. Coristanco: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 2 de novembro, Luns de Defuntos.
31. Coruña, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 7 de outubro, Virxe do Rosario.
32. Culleredo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 28 de decembro, Santo Estevo.
33. Curtis: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Nosa Sra. dos Remedios.
34. Dodro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de setembro, Virxe do Bo Parto e do Leite.
35. Dumbría: 8 de setembro, Virxe das Neves; 10 de decembro, Santa Baia.
36. Fene: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 6 de agosto, San Salvador.

37. Ferrol: 7 de xaneiro, San Xiao; 13 de abril, Nosa Sra. de Chamorro.

38. Fisterra: 24 de marzo, Festas; 8 de setembro, Festas.

39. Frades: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de setembro, San Miguel.

40. Irixoa: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto, San Lourenzo.

41. Laracha, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Virxe dos Milagres de Caión.

42. Laxe: 21 de xullo, Cruz da Rosa; 17 de agosto, Virxe do Carme.

43. Lousame: 24 de xuño, San Xoán; 10 de agosto, San Lourenzo.

44. Malpica de Bergantiños: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de xuño, Venres de Corpus.

45. Mañón: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 4 de decembro, Festa do Marisco.

46. Mazaricos: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, Festas.

47. Melide: 29 de xuño, San Pedro; 16 de xullo, Virxe do Carme.

48. Mesía: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de maio, Santo Isidro.

49. Miño: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

50. Moeche: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de abril, San Xurxo.

51. Monfero: 23 de febreiro, Luns de Entroido; 24 de febreiro, Martes de Entroido.

52. Mugarbos: 7 de xaneiro, San Xiao; 2 de xuño, Voto de Chanteiro.

53. Muros: 29 de xuño, San Pedro; 16 de xullo, Virxe do Carme.

54. Muxía: 14 de setembro, Festas; 21 de setembro, Festas.

55. Narón: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 23 de novembro, Día de Narón.

56. Neda: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 8 de setembro, Santa María.

57. Negreira: 10 de xullo, San Cristovo; 21 de setembro, Santa Margarida.

58. Noia: 16 de xullo, Virxe do Carme; 24 de agosto, San Bartolomeu.

59. Oleiros: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xullo, Día do mar.

60. Ordes: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Festas.

61. Oroso: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de setembro, Santa Eufemia.

62. Ortigueira: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xullo, Santa Marta de Ortigueira.

63. Outes: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 29 de setembro, San Miguel.

64. Oza dos Ríos: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de maio, Santo Isidro.

65. Paderne: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 18 de agosto, Festas.

66. Padrón: 13 de abril, Luns de Pascua; 6 de maio, San Xoán do Raio.

67. Pino, O: 29 de xuño, San Pedro; 22 de xullo, A Magdalena.

68. Pobra do Caramiñal, A: 24 de agosto, Luns do Carme dos Pincheiros; 21 de setembro, Luns de Nazareno.

69. Ponteceso: 14 de setembro, Festas; 15 de setembro, Festas.

70. Pontedeume: 8 de setembro, Festas; 10 de setembro, Festas.

71. Pontes de García Rodríguez, As: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de xullo, Luns, festa do Carme.

72. Porto do Son: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de setembro, Festa do Loreto.

73. Rianxo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 18 de setembro, Venres de Guadalupe.

74. Ribeira: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de setembro, Santa Uxía.

75. Rois: 13 de abril, Luns de Pascua; 15 de maio, Santo Isidro Labrador.

76. Sada: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de agosto, San Roque.

77. San Sadurniño: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 2 de xullo, Santa Isabel.

78. Santa Comba: 29 de xuño, San Pedro e San Paulo; 30 de xuño, San Marcial.

79. Santiago de Compostela: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 21 de maio, Ascensión.

80. Santiso: 24 de xuño, San Xoán; 14 de setembro, Santa Cruz.

81. Sobrado dos Monxes: 1 de xuño, Luns de Pías; 29 de xuño, San Pedro.

82. Somozas, As: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xullo, Festas.

83. Teo: 21 de maio, Ascensión; 11 de novembro, San Martiño.

84. Toques: 15 de maio, Santo Isidro Labrador; 2 de setembro, Santo Antolín.

85. Tordoia: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de maio, Santo Isidro Labrador.

86. Touro: 13 de abril, Luns de Pascua; 24 de xuño, San Xoán.

87. Trazo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de setembro, Santa Eufemia.

88. Val do Dubra: 7 de abril, Feira de Abril; 7 de agosto, Festa do Emigrante.

89. Valdoviño: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Festas.

90. Vedra: 21 de setembro, Día do Patio; 10 de decembro, Santa Baia.

91. Vilarmaior: 23 de febreiro, Luns de Entroido; 24 de febreiro, Martes de Entroido.

92. Vilasantar: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

93. Vimianzo: 22 de xaneiro, San Vicente; 10 de agosto, Festas do Verán.

94. Zas: 10 de xullo, San Cristovo; 16 de xullo, Virxe do Carme.

**ANEXO II**  
**Calendario laboral**  
**Provincia: Lugo**

1. Abadín: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de setembro, Nosa Señora.

2. Alfoz: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de marzo, Ponte de San Xosé.

3. Antas de Ulla: 24 de xuño, San Xoán; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.

4. Baleira: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de agosto, San Cristovo.

5. Baralla: 27 de agosto, San Vitorio; 28 de agosto, San Vitorio.

6. Barreiros: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de agosto, San Bartolo.

7. Becerreá: 24 de xuño, San Xoán; 14 de setembro, Divino Ecce Homo.

8. Begonte: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

9. Bóveda: 1 de setembro, San Xil; 15 de setembro, Divino Ecce Homo.

10. Burela: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de xuño, Nosa Señora do Carme e San Xoán Bautista.

11. Carballedo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de setembro, San Miguel.

12. Castro de Rei: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto.

13. Castroverde: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de xullo, Santiago Apóstolo.

14. Cervantes: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de maio, Os Remedios.

15. Cervo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 16 de xullo, Nosa Señora do Carme.

16. Corgo, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de outubro, San Froilán.

17. Cospeito: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Festas Virxe do Monte.

18. Chantada: 25 de agosto, Festa da Empanada; 8 de setembro, Romaría do Faro.

19. Folgoso do Courel: 19 de xuño, San Xoán de Seoane; 14 de setembro, Virxe do Carme de Folgoso.

20. Fonsagrada, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de setembro, Feira de Setembro.

21. Foz: 16 de xullo, Festividade do Carme; 10 de agosto, San Lourenzo.

22. Friol: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de xullo, Santa Isabel.

23. Guitiriz: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

24. Guntín: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de xullo, Festa de Guntín.

25. Incio, O: 15 de maio, San Eufrasio; 24 de xuño, San Xoán.

26. Láncara: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de agosto, San Roque.

27. Lourenzá: 31 de agosto, Luns do Conde Santo; 5 de outubro, Festa da Faba.

28. Lugo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de outubro, San Froilán.

29. Meira: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto.

30. Mondoñedo: 14 de setembro, Festividade dos Remedios; 19 de outubro, San Lucas.

31. Monforte de Lemos: 14 de abril, Martes de Pascua; 15 de xuño, Santo Antón.

32. Monterroso: 10 de xullo, San Cristovo; 29 de setembro, San Miguel.

33. Muras: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

34. Navia de Suarna: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 21 de setembro, Virxe das Dores.

35. Negueira de Muñiz: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, Nosa Señora da Veiga.

36. Nogais, As: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 3 de agosto, Festa do Turista.

37. Ourense: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de maio, Nosa Señora de Fátima.

38. Outeiro de Rei: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de xullo, Santa Isabel.

39. Palas de Rei: 28 de xaneiro, San Tirso; 14 de setembro, Santo Ecce-Hommo.

40. Pantón: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 24 de agosto, Festa de Ferreira.

41. Paradela: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de setembro, San Miguel.

42. Páramo, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de xuño.

43. Pastoriza, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 19 de outubro, San Lucas.

44. Pedrafita do Cebreiro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de setembro, Santa María a Real do Cebreiro.

45. Pobo do Brollón, A: 15 de xuño, Luns seguinte ao Corpus Christi; 27 de agosto, San Victorio.

46. Pol: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de agosto, Festa do Emigrante.

47. Pontenova, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xullo, Día da Xuventude.

48. Portomarín: 29 de xuño, San Pedro; 7 de setembro, Santo Cristo.

49. Quiroga: 13 de abril, Luns de Pascua; 11 de novembro, San Martiño.

50. Rábade: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 agosto, Nosa Señora da Asunción.

51. Ribadeo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Santa M<sup>a</sup> do Campo.

52. Ribas de Sil: 20 de marzo, festividade local; 30 de outubro, San Clodio.

53. Ribeira de Piquín: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 23 de abril, San Xurxo.

54. Riotorto: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

55. Samos: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de xullo, San Benito Abad.

56. Sarria: 24 de xuño, San Xoán Bautista; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.

57. Saviñao, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 4 de agosto, festas patronais.

58. Sober: 8 de setembro, Romaría de Cadeiras; 21 de setembro, festas do Carme.

59. Taboada: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto, Festas patronais.

60. Trabada: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 25 de abril, San Marcos.

61. Triacastela: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, San Mamede.

62. Valadouro, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 9 de setembro, Santa María.

63. Vicedo, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 3 de agosto, Santo Estevo.

64. Vilalba: 31 de agosto, San Ramón; 1 de setembro, Santa María.

65. Viveiro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto, San Roque.

66. Xermade: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto, Santa María.

67. Xove: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 31 de agosto, festas patronais.

*ANEXO III*  
**Calendario laboral**  
**Provincia: Ourense**

1. Allariz: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 12 de xuño, Venres do Boi.

2. Amoeiro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

3. Arnoia, A: 22 de maio, Santa Rita; 31 de xullo, Festa do Pemento.

4. Avión: 3 de agosto, Luns de San Roque; 24 de febreiro, Martes de Entroido.

5. Baltar: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de decembro.

6. Bande: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de agosto, San Roque.

7. Baños de Molgas: 6 de agosto, San Salvador; 8 de setembro, Os Milagres.

8. Barbadás: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro.

9. Barco de Valdeorras, O: 22 de maio, Santa Rita; 14 de setembro, Día do Cristo.

10. Beade: 3 de febreiro, San Brais; 2 de xullo, Santa Isabel.

11. Beariz: 22 de maio, Santa Rita; 11 de novembro, San Martiño.

12. Blancos, Os: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de setembro, Nosa Señora das Dores.

13. Boborás: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de agosto, San Bartolomeu.

14. Bola, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 4 de maio, Santa Cruz en Veiga.

15. Bolo, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de setembro.

16. Calvos de Randín: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 3 de agosto, primeiro luns de agosto.

17. Carballeda de Avia: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 1 de xuño, Luns de Lodairo.

18. Carballeda de Valdeorras: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de abril, Nosa Señora da Encarnación.

19. Carballiño, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de setembro.

20. Cartelle: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 1 de xuño, Luns de Pentecostés-Festa das Marabillas.

21. Castrelo de Miño: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 5 de agosto, Nosa Señora das Neves.

22. Castrelo do Val: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.

23. Castro Caldelas: 20 de xaneiro, San Sebastián; 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.

24. Celanova: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de setembro, Virxe do Cristal.

25. Cenlle: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

26. Chandrexa de Queixa: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de xullo, Romaría de Chandrexa de Queixa.

27. Coles: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, o Magosto.

28. Cortegada: 27 de xullo; 11 de novembro, San Martiño.

29. Cualedro: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 16 de xullo, O Carne.

30. Entrimo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 31 de xullo, festas patronais.

31. Esgos: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

32. Gomesende: 21 de maio, A Asunción; 29 de xuño, San Pedro.

33. Gudiña, A: 25 de febreiro, Beato Sebastián de Aparicio; 24 de agosto, San Bartolomeu.

34. Irixe, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de maio, Virxe de Fátima.

35. Larouco: 8 de setembro, Santa María dos Remedios; 14 de decembro, Santa Lucía.

36. Laza: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 24 de xuño, Mércores San Xoán.

37. Leiro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 29 de xuño, San Pedro.

38. Lobeira: 22 de xaneiro, San Vicente; 8 de setembro, Viso Pequeno.

39. Lobios: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de agosto.

40. Maceda: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de agosto, festas patronais de Maceda.

41. Manzaneda: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 10 de agosto, festas patronais.

42. Maside: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 27 de agosto.

43. Melón: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de xuño, Corpus Christi.

44. Merca, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de xuño, Espírito Santo.

45. Mezquita, A: 5 de agosto, Virxe das Neves; 11 de novembro, San Martiño.

46. Montederramo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de agosto, Véspera da Nosa Señora da Asunción.

47. Monterrei: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 1 de xuño, Nosa Señora da Caridade.

48. Muíños: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 29 de xuño, San Pedro.

49. Nogueira de Ramuín: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, Magosto.

50. Oímbra: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.

51. Ourense: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

52. Paderne de Allariz: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

53. Padrenda: 12 de xuño, Santo Antonio de Gorgua; 24 de xuño, San Xoán.

54. Parada de Sil: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 31 de agosto, San Ramón Nonato.

55. Pereiro de Aguiar, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

56. Peroxa, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

57. Petín: 19 de xaneiro, Santo Antón; 24 de xullo.

58. Piñor: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

59. Pobra de Trives, A: 24 de agosto; 14 de setembro.

60. Pontedeva: 26 de xuño, San Paio; 24 de agosto, San Bartolomeu.

61. Porqueira: 16 de xullo, O Carne; 11 de novembro, San Martiño.

62. Punxín: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de abril, Luns San Wintila.

63. Quintela de Leirado: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

64. Rairiz de Veiga: 24 de xuño, San Xoán; 24 de setembro, Nosa Señora das Mercedes (festa da Saíza).

65. Ramirás: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro.

66. Ribadavia: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Festas do Portal.

67. Riós: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de setembro.

68. Rúa de Valdeorras, A: 10 de agosto, festas do verán; 24 de agosto, San Roque.
69. Rubiá: 21 de maio, A Ascensión; 24 de agosto, San Bartolomeu.
70. San Amaro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de xullo, San Amaro.
71. San Cibrao das Viñas: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
72. San Cristovo de Cea: 10 de xullo, San Cristovo; 21 de setembro, Festas da Saleta.
73. San Xoán de Río: 24 de xuño, San Xoán; 7 de agosto, festa do verán.
74. Sandiás: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 13 de abril, Luns de Pascua.
75. Sarreaus: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 14 de setembro, festas patronais.
76. Taboadela: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
77. Teixeira, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 25 de novembro, Santa Catarina.
78. Toén: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
79. Trasmiras: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
80. Veiga, A: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro.
81. Vereá: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
82. Verín: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 8 de setembro, Nosa Señora dos Remedios.
83. Viana do Bolo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 17 de agosto.
84. Vilamarín: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
85. Vilamartín de Valdeorras: 23 de abril, San Xurxo; 22 de xullo, Santa María Magdalena.
86. Vilar de Barrio: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Romaría dos Miragres.
87. Vilar de Santos: 13 de abril, Luns de Pascua; 5 de agosto, Virxe das Neves.
88. Vilardevós: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 17 de agosto, San Roque (luns).
89. Vilariño de Conso: 23 de febreiro, Luns de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
90. Xinzo de Limia: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de xullo, Santa Mariña.
91. Xunqueira de Ambía: 29 de abril, San Pedro; 17 de agosto, San Roque.

92. Xunqueira de Espadanedo: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de xullo, luns seguinte á festa patronal da Santa Isabel.

#### ANEXO IV

##### Calendario laboral Provincia: Pontevedra

1. Agolada: 29 e 30 de xuño, San Pedro e San Paulo.
2. Arbo: 3 de febreiro, San Brais; 29 de xuño, San Pedro.
3. Baiona: 20 de xullo, Santa Liberata; 3 de agosto, Luns da Anunciada.
4. Barro: 19 de xuño, Festa do Viño; 2 de outubro, Romaría de San Breixo.
5. Bueu: 16 de xullo, Festividade do Carne; 11 de novembro, San Martiño.
6. Caldas de Reis: 24 de xuño, San Xoán; 25 de febreiro, Mércores de Cinza.
7. Cambados: 13 de abril, Luns de Pascua; 10 de xullo, San Cristovo (patrono dos automobilistas).
8. Campo Lameiro: 28 de setembro, Santo Adolfo; 29 de setembro, San Miguel.
9. Cangas: 3 de abril, Venres das Dores; 31 de agosto, Luns do Cristo.
10. Cañiza, A: 1 de xuño, Festa das Pascuillas; 15 de outubro, Santa Tareixa.
11. Catoira: 13 de xullo, Santo Antonio de Padua, da parroquia de Catoira; 7 de agosto, San Mamede, da parroquia de Abalo.
12. Cerdedo: 24 de xuño, San Xoán; 27 de xullo, Luns do Ecce-Homo.
13. Cotobade: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 24 de agosto, San Roque.
14. Covelo: 1 de xuño, Festa das Pascuillas; 24 de xullo.
15. Crecente: 13 de maio, Virxe de Fátima; 29 de xuño, San Pedro.
16. Cuntis: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 18 de agosto, Santo Antón.
17. Dozón: 6 de agosto, San Salvador; 7 de setembro, Virxe da Pena de Francia.
18. Estrada, A: 25 de xuño; 26 de xuño.
19. Forcarei: 31 de agosto, Luns das Dores; 11 de novembro, San Martiño.
20. Fornelos de Montes: 24 de marzo, Luns de Pascua; 12 de agosto, San Lourenzo.
21. Gondomar: 13 de abril, Luns de Pascua; 17 de agosto, San Roque.

22. Grove, O: 16 de xullo, Nosa Señora do Carme; 11 de novembro, San Martiño do Grove.

23. Guarda, A: 16 de xullo, Virxe do Carme; 23 de setembro, Santa Tegra.

24. Illa de Arousa, A: 7 de xaneiro, San Xulián; 24 de febreiro, Martes de Entroido.

25. Lalín: 21 e 22 de setembro, festas patronais.

26. Lama, A: 27 de xullo, San Xoaquín e Santa Ana; 5 de agosto, Nosa Señora das Ermidas.

27. Marín: 16 de xullo, Virxe do Carme; 8 de setembro, Nosa Señora do Porto.

28. Meaño: 13 de abril, Luns de Pascua; 3 de febreiro, San Brais.

29. Meis: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 13 de abril, Luns de Pascua (Nosa Señora das Cabezas).

30. Moaña: 16 de xullo, Nosa Señora do Carme; 11 de novembro, San Martiño.

31. Mondariz: 1 de xuño, Virxe da Franqueira; 10 de decembro, Santa Eulalia.

32. Mondariz-Balneario: 11 de febreiro, Nosa Señora de Lurdes; 1 de xuño, Peregrinación ao Santuario da Franqueira.

33. Moraña: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 6 de agosto, San Salvador de Saiáns.

34. Mos: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 7 de agosto, San Mamede.

35. Neves, As: 29 de xullo, Santa Marta; 5 de agosto, Nosa Señora das Neves.

36. Nigrán: 24 de xuño, San Xoán; 29 de xuño, San Pedro.

37. Oia: 1 de xuño, Virxe do Mar; 7 de agosto, San Mamede.

38. Pazos de Borbén: 15 de xaneiro, San Amaro; 13 de abril, Luns de Pascua.

39. Poio: 24 de xuño; 24 de setembro.

40. Pontearreas: 15 de xuño, luns seguinte á festa de Corpus Cristi; 29 de setembro, San Miguel Arcanxo.

41. Ponte Caldelas: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 2 de setembro, Mércores da Festa das Dores.

42. Pontecesures: 7 de xaneiro, San Xulián; 6 de xullo, Festa do Carme.

43. Pontevedra: 25 de febreiro, Mércores de Cinza; 11 de xullo, San Bieito de Lérez.

44. Porriño, O: 13 de xullo, San Bieito; 28 de setembro, Santísimo Cristo da Agonía.

45. Portas: 7 de xaneiro, San Xiao; 20 de abril, Luns de Pascua.

46. Redondela: 20 de abril, Luns do Cristo; 11 de xuño, Xoves da Coca.

47. Ribadumia: 13 de abril, Luns de Pascua; 10 de decembro, Santa Eulalia.

48. Rodeiro: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.

49. Rosal, O: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 15 de maio, Santo Isidro.

50. Salceda de Caselas: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de xullo, Luns do Cristo.

51. Salvaterra de Miño: 8 de xuño, Santísimo Cristo da Vitoria; 10 de agosto, San Lourenzo.

52. Sanxenxo: 13 de abril, Luns de Pascua; 4 de setembro, Santa Rosalía.

53. Silleda: 13 de xullo, Festa de Silleda, 24 de agosto, Festa da Empanada.

54. Soutomaior: 13 de abril, Luns de Pascua; 6 de agosto, San Salvador.

55. Tomiño: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 14 de setembro, O Alivio.

56. Tui: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 20 de abril, Luns de San Telmo.

57. Valga: 3 de febreiro, San Brais; 28 de agosto, Virxe dos Milagres.

58. Vigo: 28 de marzo, Reconquista da Cidade; 17 de agosto, San Roque.

59. Vilaboa: 24 de febreiro, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

60. Vila de Cruces: 10 de agosto; 11 de agosto, festas patronais da Nosa Señora da Piedade.

61. Vilagarcía de Arousa: 22 de maio, Santa Rita; 17 de agosto, San Roque.

62. Vilanova de Arousa: 15 de xaneiro, Santo Amaro; 16 de setembro, San Cibrán.

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 6 de novembro de 2008 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Vicepresidencia, anunciada pola Orde do 23 de setembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 190, do 1 de outubro).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, mediante Orde do 23 de setembro de 2008 (DOG nº 190, do 1